



## V OURENSE INTERNACIONAL TERMAL CUP

**ORGANIZA:** Ourense C.F

**COLABORAN:** Consello Municipal de Deportes, Delegación Provincial de Fútbol e Colexio de Árbitros de Fútbol de Ourense.

**DATA:** 8 Junio de 2019.

**LUGAR:** Campo Municipal de Oira (Campo de herba sintética).

### BASES E NORMAS

1.- O torneo conta coa participación dos seguintes equipos: Ural C.F., Victoria C.F. (Coruña), Rápido de bouzas F.C., C.F. Colegio Hogar, Salgueiriños C.F, A.D Vila de Corpus F.C. , E.f. Lalín, ED Ourense, U.D. Ourense, Cristo de la Victoria S.D., Pontevedra C.F. GD Chaves,UD Mos, A.D. Bosco (Clasificado fase previa), E.D.C. Xinzo (Clasificado fase previa) e Ourense CF. Todos os partidos de este torneo están programados no Campo Municipal de Oira.

2.- Poderán participar nel aqueles **xogadores nados nos anos naturais de 2007 e 2008**, é dicir, deportistas con licenza federativa ALEVÍN. Cada equipo contará cun **máximo de 15 xogadores**, que levarán o mesmo dorsal en todo o torneo.




3.- A competición desenvolverase dacordo ao calendario de competición que se anexa a estas bases e normas.

4.- A duración dos partidos será de **25 MINUTOS** (unha única parte) **na fase de grupos** pasando **30 MINUTOS** (dúas partes de 15 min con descanso de 3 min) nas **fases de eliminatorias**.

5.- O lugar de quecemento estará situado no campo anexo de fútbol 8 onde disporán dunha zona delimitada e dous balóns que poderán utilizar para o mesmo. Unha vez rematado o quecemento deixarán os balóns no seu sitio.

## QUECEMENTO





6.- Todos os equipos deberán situarse **5 minutos antes de cada partido** na zona do medio do campo. (Haberá unha persoa da organización que os avisará e os acompañará dende a zona de quecemento a esta zona).

7.- No caso de que ao cabo da primeira fase rexistráse empate en calquera dos grupos entre dous ou tres equipos na suma de puntos (3 por partido gañado e 1 por empate), resultará vencedor aquel conxunto que obteña maior diferenza de goles entre os anotados e os encaixados. No caso de persistir a igualdade, gañará aquel que máis tantos marque e se segue o empate, proclamarase vencedor aquel que encaixe menos goles. Se despois de todas estas circunstancias non se resolvese a situación, resultará vencedor o equipo que gañase o partido directo, no caso de ser dous afectados.

8.- Na fase de eliminatorias os empates resolveránse co lanzamento dunha tanda de 3 penaltis por equipo. De persistir a igualada seguirase a rolda ao fallo.

9.- Os equipos deberán presentarse **TRINTA** minutos antes do primer partido nas instalacións de Oira. Cada formación terá consigo as licencias dos seus xogadores, que poderán ser reclamadas pola organización en calquera momento.



Todos os equipos participantes mandarán o email do torneo ([torneos@ourensecf.es](mailto:torneos@ourensecf.es)) a inscrición dos xogadores que formarán parte nesta V edición Termal Cup.

10.- A organización establece trofeos ou recordos para todos os participantes da V Ourense Internacional Termal Cup.

11.- Co fin de solventar as posibles coincidencias nos cores das camisetas entre dous equipos, é imprescindible que cada club veña provisto de equipaxes de diferentes cores.

12.- A organización farase cargo da comida de todos os equipos participantes do torneo no Restaurante "Oira Praia" (apenas 50 metros das instalacións de Oira). Os equipos serán acompañados por un membro da organización ata o restaurante no seu turno correspondente.





## **TURNOS COMIDA**

- **PRIMER TURNO DE COMIDA (13:30):** Ourense C.F, Ural C.f., Ad Bosco, UD Mos.
- **SEGUNDO TURNO DE COMIDA (14:00):** Vila de Corpus, Ud. Ourense, Pontevedra CF., EF Lalín.
- **TERCEIRO TURNO DE COMIDA (14:30):** Victoria C.F., EDC Xinzo, Colegio Hogar, GD Chaves
- **CUARTO TURNO DE COMIDA (15:00):** Salgueriños C.F., SDC Victoria , Ed Ourense, Rápido de bouzas .

12.- Para todo o non disposto nestas normas recurrirase sempre á organización e a participación dos clubs no torneo supón a **ACEPTACIÓN** de todas estas normas.

A Organización